



RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DIRECTA DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIÓNS

EXPEDIENTE: C90502:104
SITUACIÓN: LOPE DE VEGA, Nº3, ESC. 2, 3º C - ARTEIXO

Por resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de A Coruña de data 04 de decembro de 2019 iniciouse o proceso de selección de persoas adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ao expediente C90502:104, ao abeiro do disposto no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, *polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas.*

Co obxecto de seleccionar ás persoas adquirentes para a dita vivenda, esta foille ofertada a través da páxina web do Instituto Galego da Vivenda e Solo ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

No dito prazo presentáronse dúas solicitudes de inclusión no procedemento de selección de adquirentes:

- NACER EDDINE SEBTI (núm. de credencial 92567), o cal resultou excluído por non atoparse inscrito no Rexistro de demandantes na data de resolución de inicio, quedando constancia no expediente a través da resolución asinada pola xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 06/02/2020 pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos para este procedemento.
- LYDIA ENCARNACION DEL REY BALBOA (núm. de credencial 91443), que, logo da oportuna comprobación, cumpre os requisitos esixidos para ser designada adquirente.

Polo tanto, en uso das súas competencias atribuídas, a xefa territorial ACORDA:

1. Non realizar o sorteo.

2. Declarar directamente adquirente a don/a LYDIA ENCARNACION DEL REY BALBOA (núm. credencial 91443)

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso de alzada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao de recepción da presente notificación perante a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, de conformidade co previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A xefa territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Cristina Carrión Rodríguez
(Asinado electronicamente).

